



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/15	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	9 de abril de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 20:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELO VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 2 de abril de 2018

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

ANDRES GARCIA BASTON
JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO
LOURDES RIAL PARDO
MARIANO ABALO COSTA
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ
XOSE MANUEL PAZOS VARELA

En contra

Abstencións

XOÁN CHILLÓN IGLESIAS

Ausentes

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 2 de abril de 2018.

Expediente 1620/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por S. A. G., administrador da comunidade de propietarios "Balea", sita en rúa Barbate, nº 5, na que demanda sinalización para facilitar a manobra de acceso ao portal do garaxe. A Xunta de Goberno Local de conformidade co informe emitido en data 03.04.2018 pola Policía Local, acorda que, polo departamento correspondente se proceda a colocar un sinal de prohibido estacionar e parar, para poder facilitar a manobra de acceso no referido lugar.

Expediente 1033/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1.033/18.- Outorgar a "ANCORADOURO SL", con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 33-1º-Of. 3-Cangas, licenza de obras para no lugar de rúa Enseñanza-

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Darbo, regulado pola ordenanza 9, solo urbano de nucleo rural (URNU), construír dúas vivendas unifamiliares adosadas de 131,48 m²., de planta baixa e 93,14 m²., de primeiro andar, cada unha das vivendas, de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polo arquitecto F. B. P., de data febreiro de 2018 e antes do comezo das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e coordinador de seguridade e saúde, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a douscentos oitenta e oito mil trescentos corenta e tres euros con dous céntimos (288.343,02 €).

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo de 2,95 m²., para regularización do vieiro efectuada en acta de comparecencia con data 27 de marzo de 2018 e a fianza depositada para garantir as obras de urbanización por importe de mil catrocentos noventa e tres euros con doce céntimos (1.493,12 €), na entidade de "ABANCA" de data 2 de abril de 2018.

Expediente 1917/2017. Licenza urbanística (corrección erros)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local realizada en data 12.02.2018, relativo ao expediente nº 1917/2018, sobre cambio de titularidade da licenza de regularización e finalización de vivenda sita en Pinténs, nº 49-O Hío, na redación deste faise mención a “..titular do...”.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Xunta de Goberno acorda que se proceda a rectificar o dito acordo quedando da seguinte maneira:

"EXPEDIENTE Nº 1917/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. V., con enderezo a efectos de notificacións en Baronzás, nº 51, Xinzo de Limia-Ourense, para cambio de titularidade da licenza de regularización e finalización de vivenda sita en Pinténs, nº 49-O Hío, que figuraba a nome de A. M. L. e que a partir desta data pasa a M. P. V."

Expediente 1490/2018. Prórroga de licenza de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 25.181 (1.490/18).- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.251.- Outorgar a M. P. G. M., con enderezo en Cunchido de Arriba, nº 29-Darbo, un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras incluídas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Expediente 1483/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1483/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. M. R., con enderezo a efectos de notificacións no lugar da Avda. de Marín, nº 11-1º- Cangas, para reparación parcial exterior da fachada da edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto J. R. L. de data marzo de 2018. O presuposto de execución material ascende a cincocentos oitenta euros con sesenta céntimos (580,60 €).	

Expediente 430/2018. Comunicación previa de apertura de actividade inocua	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 430/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "CAIXABANK SA", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Pintor Sorolla, nº 2-4- Valencia, para inicio de actividade de entidade bancaria no local sito na Avda. de Montero Ríos, nº 21-Cangas, vista a acta de comprobación favorable da arquitecta de data 3 de abril de 2018.	

Expediente 3299/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3299/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "SPORT STREET SL", con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Fuencarral-Campus Tribeca, nº 44-Alcobendas (Madrid), para inicio de actividade de comercio de venda polo miúdo de artigos de deporte no local sito en rúa Eduardo Vicenti, nº 4-baixo, vista a acta de comprobación favorable da arquitecta de data 3 de abril de 2018.	

Expediente 2055/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2055/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. R. L., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Bueu a Vilariño, nº 69-Aldán, para cambio de titularidade de local dedicado á venda polo miúdo de prendas de vestir e tocado sito en rúa Mariña, nº 4-baixo e 1º andar, que ata agora rexentaba J. A. S., segundo o informe favorable da arquitecta de data 4 de abril de 2018.	



Concello de Cangas

Expediente 1580/2018. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 1657/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a S.P.M., co expediente nº 36008/02/000812 o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de LIBRE CONCORRENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: douscentos cincuenta e seis euros con oito céntimos (256,08 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) 0 euros.

Número de horas: 20 horas.

Data prevista de alta no SAF: abril de 2018.

Expediente 1031/2018. Concesión de axudas de emerxencia social

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución, referente a solicitude de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E. G. G. en calidade de director do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas, con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social municipal presentada por MJDR, examinado o informe da traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos deste concello, proponse a seguinte resolución:

** Denegación da axuda solicitada."*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Permiso de celebración "VIII Xuntanza Ecuestre Pola Costa" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da solicitude presentada pola "Asociación Ecuestre Cabaleiros do Morrazo", en data 17.01.2018 (rex. n.º 539) pola que se solicita autorización para a celebración da "VIII Xuntanza Ecuestre pola Costa".

Vista a proposta da concelleira de Medio Ambiente e Turismo de data 9 de abril de 2018 que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a celebración da "VIII Xuntanza Ecuestre pola Costa" coa ruta descrita na solicitude presentada pola "Asociación Ecuestre Cabaleiros do Morrazo", condicionada ao cumprimento previo dos seguintes extremos:

- Obtención da autorización do Servizo Provincial de Costas, da Consellería de Medio ambiente e demais autorizacións que resulten preceptivas.
- Declaración da persona titular ou organizadora onde faga constar que se dispón do correspondente seguro de responsabilidade civil para a celebración do evento.

Trátase dun permiso condicionado que non crea dereito algún a favor do solicitante ata tanto non se cumpran ditas condicións. Se antes da celebración do evento non se cumprisen, a consecuencia xurídica será a inexistencia e ineficacia da autorización municipal.

SEGUNDO.- Que o Concello facilitará os seguintes servizos:

- Enganche de luz, coa limitación horaria que estableza a Concellería de obras e servizos.
- Punto de auga, coa limitación horaria que estableza a Concellería de obras e servizos.
- Colaboración de Protección Civil.
- 10 vallas de sinalización.
- 2 sinais de dirección prohibida.

Para a coordinación destes servizos os interesados deberán porse en contacto co departamento municipal de obras e servizos.

TERCEIRO.- Que a "Asociación Ecuestre Cabaleiros do Morrazo" está obrigada á limpeza do espazo público utilizado, en caso de incumprir esta obriga, terá lugar a execución subsidiaria do artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a costa do obrigado, polo importe dos servizos subsidiarios de limpeza.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850